

**COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de novembro de 2017**

**ASISTENTES:**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>PRESIDENTE:</b><br>D. Pablo Pérez Pérez<br><b>DEPUTADOS/AS:</b><br>D. Plácido Álvarez Dobaño<br>D. José Antonio Feijoo Alonso<br>D. Antonio Montero Fernández<br>D. Miguel A. Cid Álvarez<br>D. <sup>a</sup> M. <sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas<br>D. Vicente Gómez García<br>D. José Ignacio Gómez Pérez<br>D. <sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez<br>D. Armando Ojea Bouzo<br>D. Ramiro Rodríguez Suárez<br><b>SECRETARIO:</b><br>D. Francisco Cacharro Gosende<br><b>INTERVENTOR ACCTAL.:</b><br>D. José Mosquera Casero | No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o <b>15 de novembro de 2017</b> , ás 18:00 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames: |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2017.-**

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de outubro de 2017, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

**2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**3 º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista,** di que hai meses se aprobou unha moción cunha emenda de substitución do Grupo Popular en relación coa problemática dos gardarraís nas estradas, no que se prevía a realización dun estudo sobre esta cuestión. Pregunta se se realizou ese estudo.

O **presidente da comisión** responde que si, ou polo menos que se tomaron os datos relativos aos gardarraís e que se lle facilitará un informe do xefe do servizo ao respecto. En todo caso sinala que os estudos realizados indica que as estradas da Deputación son as que menos accidentes sofren a causa dos gardarraís.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista,** pregunta se se falou cos concellos para que tomen medidas nas súas estradas.

O **presidente da comisión** di que se contestará por escrito a esta cuestión.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista,** lembra que tamén se aprobou unha moción para a realización dun estudo para determinar a viabilidade de establecer taxas por ocupación de dominio público coas redes de transporte de subministracións e pregunta se se levaron a cabo eses estudos.

O **presidente da comisión** di que contestará por escrito.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista,** en relación co tema dos gardarraís di que o propio presidente acaba de dicir que se fixo o estudo e que as estradas provinciais son as que menos accidentes teñen, o que cando menos é curioso e pregúntase para que se fai entón esa proposta. Con respecto ao tema dos medios que se puxeron a disposición da Xunta ante a vaga de lumes, di que pediu información sobre os lugares onde actuaron eses medios e que non se lle facilitou.

O **presidente da comisión** di que esa información se lle remitiu ao Grupo Socialista.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista,** di que se lle pasou un listado dos medios que se puxeron a disposición pero on os sitios onde actuaron.

O presidente da comisión cre que na información se indicaba tamén os lugares en que interviñeron tanto os medios propios da Deputación como os do Consorcio CIS de Ourense, e pregúntalle ao Sr. Rodríguez Suárez se non é así.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, di que agora mesmo non pode confirmalo.

O presidente da comisión di que se comprobará a información remitida e que e todo caso lle enviará esa información.

E, ás 18:30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que o presidente e o secretario. Certifico.